

## Manifestación Unitaria en Vigo o 1º de Maio

A Confederación Xeral do Traballo, **CGT**, e a Central Unitaria de Traballadores, **CUT**, un ano máis imos xuntos no **1º de maio**. Un ano máis facemos unha convocatoria de manifestación unitaria no 1º de maio porque seguimos entendendo que o sindicalismo combativo e de clase é o que as dúas organizacións sindicais representamos, e por iso temos que saír unidos fronte o sindicalismo entregado e pactista de outras organizacións sindicais. A derradeira reforma laboral está hoxe en pleno apoxeo coas consecuencias de: - Universalización do contrato indefinido ?barato? - Transferencias de fondos públicos as mans empresariais en forma de subvencións e bonificacións - Xeralización da subcontratación e a indefinición da obra como método para impoñer a perda de dereitos e a submisión dos traballadores e traballadoras. - A incapacidade de reducir os accidentes laborais graves e moi graves, e mantendo unha alta mortalidade, con estas condicións de traballo Ademais impoñennos a reforma da Seguridade Social, polo que temos que cotizar máis anos para acceder a pensión de xubilación e endurecéense as condicións para as pensións de incapacidade e de viudedade, perxudicando a tódolos traballadores, e especialmente os colectivos máis desfavorecidos. Os Expedientes de Regulación de Emprego (EREs) son usados cada vez máis a menudo como forma de despido colectivo, e paso previo o peche e a deslocalización de empresas. Un ano máis a patronal mellora a súa conta de beneficios a costa da explotación dos traballadores, asegurándose o enramado legal que lles permite a flexibilización constante das condicións de traballo e dos propios cadros de persoal das empresas. A presenza cada vez máis numerosa de inmigrantes, que aspiran, lexitimamente a unha vida mellor, e contestada cun trato humillante e discriminatorio por parte da Administración, e sendo ademais fonte de sobre explotación no traballo. A vindeira aplicación da directiva Bolkenstein estenderá aínda máis a iniciativa privada na xestión de servizos sociais, e incidindo na progresiva privatización do público, como outra forma de sacarlle rendabilidade económica o que só debera ter como obxectivo a rendabilidade social. Ante este estado de cousas a CGT e a CUT, propoñemos os traballadores e traballadoras a necesidade de ORGANIZARSE E LOITAR. Como traballadores non podemos permitir, sen facerlle fronte, que a explotación da clase obreira sega a ser, ano tras ano, maior e máis dura. Neste 1º de maio queremos recordar os traballadores que só as loitas organizadas son capaces de frear o continuo deterioro que a patronal e seus lacaios estannos a impoñer, que si sempre é necesario a ORGANIZACIÓN E A LOITA, nestes momentos e imprescindible si non queremos ser aplastados pola súa propaganda e os seus feitos. Chamamos as traballadoras e traballadores a participar neste

**1º de MAIO**

**?ORGANÍZATE E LOITA CONTRA A EXPLOTACIÓN?**

**MANIFESTACIÓN UNITARIA en Vigo**

**ás 11:00 horas, desde a Pza. Fernando O Católico ata a Porta do Sol CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO ? CGT**